



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ANUNCIO

Aspirantes admitidos/as e excluídos/as para tomar parte no proceso de selección para a contratación laboral temporal dun Peón ao abeiro do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña (PEL CONCELLOS 2023)

Por Resolución desta Alcaldía nº 356/2023 de data 15 de setembro de 2023 aprobouse a Listaxe de aspirantes admitidos para tomar parte no proceso de selección para a contratación laboral temporal dun Peón ao abeiro do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña (PEL CONCELLOS 2023) e dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 15 de setembro de 2023. O ALCALDE Andrés Feal Varela

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ADMISION CANDIDATOS POSTO PEÓN PEL 2023

EXPEDIENTE: 2023/G003/000371

ANTECEDENTES:

Logo de ver a convocatoria e as bases reguladoras para a contratación laboral temporal dun Peón e un Albanel ao abeiro do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña (PEL CONCELLOS 2023 aprobadas pola Xunta de Goberno Local deste Concello en data 26/04/2023 e publicadas no BOP nº 86, do 8 de maio de 2023.

Logo de ver acordo da Xunta de Goberno local deste Concello, do 30 de agosto de 2023, de reabrir a citada convocatoria e o prazo de para a presentación de solicitudes para a contratación laboral temporal dun Peón, tendo en conta a Resolución do Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a MODIFICACION SOLICITADA POLO CONCELLO DE MONFERO RESPECTO Á CONTRATACIÓN DO PERSOAL CONTRATADO NO PROGRAMA PLAN DE EMPREGO LOCAL CONCELLOS 2023

Vista a única solicitude presentada para tomar parte no citado proceso de selección no posto de Peón, recibida no prazo establecido para a súa presentación, e a documentación achegada a ela e os informes que constan no expediente.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Admitir a única solicitude presentada para o posto de Peón correspondente ao candidato D. JUAN MANUEL VARELA CORTIZAS

SEGUNDO.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello de Monfero, aloxado na sede electrónica (<https://sede.monfero.es>) da súa páxina web (concellodemonfero.com), e conceder un prazo de dous días hábiles para presentación de reclamacións, alegacións ou emendas de deficiencias ou erros, se fora o caso.

Monfero, 15 de setembro de 2023

O Alcalde,
Andrés Feal Varela

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)